

INFORME-PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ACCIÓN CULTURAL

Remítese á Xunta de Goberno local a proposta de bases da convocatoria para a provisión do posto de dirección-xerencia do Auditorio de Galicia, para o seu coñecemento e aprobación.

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE DIRECCIÓN-XERENCIA DO AUDITORIO DE GALICIA

LIMIAR

O Auditorio de Galicia é unha entidade de dereito público e personalidade xurídica propia que, baixo a forma de organismo autónomo local de carácter administrativo, ten a encomenda de conducir a actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela, para o que se adscribiu á Concellaría de Acción Cultural.

No último cuarto de século, o Auditorio de Galicia contribuíu decisivamente a consolidar a oferta cultural da capital de Galicia, desenvolvendo actividades e eventos de diversa natureza como:

- a) A execución dos programas de actividades culturais e artísticas, en particular os de maior relevancia nos campos da música, a ópera, a danza e o teatro.
- b) A organización de congresos, exposicións, conferencias, coloquios, cursos e seminarios relacionados coa cultura e as artes.
- c) A celebración de eventos como premios, festivais, conmemoracións ou presentacións.
- d) A elaboración, produción, edición e distribución de publicacións de diverso formato de carácter cultural e artístico.
- e) A organización, elaboración e desenvolvemento de programas educativos, así como de obradoiros e seminarios de formación técnica na cultura e nas artes.
- f) O fomento da produción artística a través do encargo de proxectos e/ou a cesión de espazos e medios.
- g) A protección e difusión do patrimonio histórico, cultural e artístico de Galicia.
- h) A promoción nacional e internacional de Santiago de Compostela, nomeadamente como destino turístico cultural.
- i) O asesoramento en materia cultural e artística.

A experiencia acumulada durante estes anos xúntase hoxe ás novas demandas sociais no ámbito da cultura e das artes escénicas na forma de retos de funcionamento aos que a actual Administración municipal quere satisfacer, e que son:

- Afondar na transparencia e democratización do seu funcionamento.
- Abrir a programación do centro á participación cidadá.
- Coordinar a programación do Auditorio coa do resto de institucións e entidades culturais da cidade e da área urbana.
- Incrementar o patrocinio e a busca de financiamento de proxectos no marco da Unión Europea.
- Colaborar activamente con outras entidades públicas e privadas do mundo da cultura e das artes escénicas.
- Promover e manter unha relación institucional prioritaria e permanente de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela nos ámbitos de interese mutuo.
- Impulsar redes e circuítos culturais e artísticos de ámbito internacional, con especial atención ao mundo de fala portuguesa.
- Potenciar e promover as industrias culturais e creativas, en especial as de ámbito local e rexional.
- Investigar e innovar no eido das artes e da cultura, desenvolvendo laboratorios de creación e experimentación.

Con iso pretendemos consolidar as tres principais fortalezas de Santiago de Compostela como centro cultural: o feito de ser unha das cidades con maior gasto en investimentos culturais por habitante, a proxección internacional de Compostela derivada da súa condición como Patrimonio da Humanidade e a condición de capital dunha nación cunha rica historia e cultura de seu.

A consecución destes obxectivos aconsella convocar un proceso de selección para a provisión do posto de Dirección-Xerencia do Auditorio de Galicia. A convocatoria adopta unha filosofía de publicidade, transparencia, abertura e concorrencia que, en harmonía cos principios de capacidade, mérito e igualdade, garanta a elección da persoa máis adecuada para o posto ea consecución dos obxectivos de organización, desempeño e resultados fixados para a institución.

BASES DA CONVOCATORIA

1. OBXECTO

É obxecto da convocatoria o proceso de selección para a provisión do posto de Dirección-Xerencia do Auditorio de Galicia.

2. CARACTERÍSTICAS DO POSTO

As funcións da Dirección-Xerencia son as que enumera o artigo 12 dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que aquel órgano asumirá no marco dos obxectivos que para o ente sinalou o limiar destas bases. Ademais do anterior serán funcións da Dirección-Xerencia:

- 1) Dirixir o Auditorio de Galicia no ámbito artístico, económico e administrativo.
- 2) Executar o Plano de actuación que se aprobe.
- 3) Participar activamente na elaboración, e dirixir e coordinar a programación anual do Auditorio.
- 4) Dirixir a actividade diaria dos proxectos, programas e actividades.
- 5) Coordinar as reunións dos órganos de dirección, así como as relacións co goberno municipal e outras institucións da cidade.
- 6) Informar aos órganos de dirección dos aspectos que incidan no desenvolvemento dos obxectivos marcados e da execución da programación.
- 7) Elaborar con periodicidade anual un informe sobre o desempeño e perspectivas do Auditorio de Galicia, que inclúa unha previsión plausible das necesidades de recursos humanos e materiais, así como unha avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos estratéxicos e eventualmente as orientacións para modificalos ou reconducilos.
- 8) Planificar o traballo e a organización do persoal do Auditorio de Galicia.
- 9) Elaborar os orzamentos de funcionamento e controlar a súa execución.
- 10) Supervisar o funcionamento xeral do Auditorio, en particular a contratación e os gastos de actividades e de servizos xerais: seguranza, limpeza, subministracións e mantemento.

3. RÉXIME XURÍDICO DO POSTO E RETRIBUCIÓN

A Dirección-Xerencia do Auditorio de Galicia ten a condición de órgano directivo de conformidade co artigo 130.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e o seu nomeamento e cese compételle á Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela.

A remuneración do posto vén determinada pola relación de postos de traballo do Auditorio de Galicia, na que figura encadrado no grupo A1 e co nivel 30, cunha retribución bruta anual de 63.238,32 euros.

O desempeño do posto de Dirección-Xerencia está suxeito ao réxime de incompatibilidades derivado da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e a normativa que a desenvolve e/ou complementa.

4. REQUISITOS ESIXIDOS

Serán requisitos indispensables para concorrer á convocatoria:

- a) Os xerais previstos no artigo 56 e seguintes do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público.
- b) Ser funcionario de carreira ou laboral ao servizo das administracións públicas, ou profesional do sector privado, titulados superiores nos dous casos.
- c) Ter unha experiencia mínima de cinco anos na dirección ou xestión de centros culturais e/ou artísticos de titularidade pública ou privada.
- d) Dominio dos idiomas galego, español e inglés a nivel avanzado (orientativamente, o subnivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas).
- e) Manifestar expresamente a dispoñibilidade para traballar en horarios diferenciados e días festivos.

5. MÉRITOS AVALIABLES

- a) Posuír unha segunda titulación universitaria co nivel de licenciatura ou equivalente, especialmente se está relacionada co perfil do posto convocado.
- b) Acreditar mestrados ou estudos de posgraduación, especialmente os relacionados co perfil do posto convocado.
- c) Dominio doutros idiomas oficiais na Unión Europea, á parte dos esixidos como requisito para participar na convocatoria.
- d) Capacidade e experiencia no uso de paquetes ofimáticos e doutras ferramentas informáticas de xestión relacionadas coas funcións do cargo.
- e) Acreditar coñecementos específicos do contexto social, histórico, institucional, económico e cultural de Galicia.
- f) Experiencia en liderado e dirección de equipos multidisciplinares, especialmente en relación coa dirección e xestión de centros e/ou proxectos culturais e/ou artísticos, e na comunicación e o desenvolvemento de redes de contactos e relacións de colaboración.
- g) Experiencia na captación de patrocinios e na xestión de fondos europeos.
- h) Experiencia en modelos de participación e autoxestión cidadá.

- i) Experiencia en *marketing* e comunicación social.
- j) Experiencia en procesos innovadores e de cambio tecnolóxico e social.

6. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

1. Documentación. As candidaturas deberán presentarse en tres sobres pechados que incluírán a documentación seguinte:

- a) “Sobre número 1: Requisitos”. Conterá a documentación que acredite de forma fidedigna o cumprimento dos requisitos esixidos na base 4 desta convocatoria. Para iso achegaranse certificacións das entidades públicas correspondentes ou copia dos contratos laborais e certificacións de vida laboral no caso de entidades privadas.
- b) “Sobre número 2: Plano de actuación quinquenal”. Conterá o plano de actuación relativo ao proxecto cultural do Auditorio de Galicia para os 5 anos vindeiros, no que se definan fins, valores e obxectivos así como a estratexia, liñas de actuación e posible programación que se propón desenvolver nos distintos espazos existentes (Auditorio, Teatro Principal, Zona ‘C’ e Sala Agustín Magán) e con relación á Real Filharmonía de Galicia e á Escola de Altos Estudos Musicais (con sé no Auditorio). Para elaborar este Plano de actuación tomaranse como referencias indicativas as consignacións orzamentarias do Auditorio de Galicia nos últimos 4 exercicios, así como a documentación que os servizos técnicos do Auditorio e do Concello poñerán a disposición de todas as persoas interesadas. O Plano de actuación presentarase cando menos nalgún dos dous idiomas oficiais de Galicia e terá unha extensión máxima de 60.000 caracteres, excluídos elementos gráficos ou tabulares, sen que poida superar en calquera caso as 30 páxinas.
- c) “Sobre número 3: Méritos”. Incluírá o currículo así como os documentos acreditativos dos méritos establecidos na base 5 desta convocatoria. Tocante ao requisito do punto c) da base 4 achegarase tamén unha memoria curricular con formato libre e unha extensión non superior a 6.000 caracteres ou 3 páxinas.

2. Presentación. As candidaturas deberán presentarse directamente no rexistro do Auditorio de Galicia (Avda. do Burgo das Nacións s/n, 15705 Santiago de Compostela, A Coruña) ou en calquera das outras formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Dirixiranse ao Presidente do comité de valoración e incluírán a indicación ‘Proceso de selección para a Dirección-Xerencia do Auditorio de Galicia’.

3. Prazo. O prazo para a presentación das propostas é de un mes a contar desde a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

4. Publicidade. As bases poderán consultarse nas sedes electrónicas do Auditorio de Galicia e do Concello de Santiago de Compostela. Tamén se difundirá esta convocatoria por medio de anuncios no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais de gran circulación, un de ámbito autonómico e outro de ámbito estatal.

7. PROCESO DE AVALIACIÓN DAS CANDIDATURAS

1. Comité de avaliación: Será o encargado de avaliar as candidaturas presentadas. Estará integrado por cinco membros máis unha secretaria con voz e sen voto, e a súa composición publicárase na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela cunha antelación mínima de cinco días á data na que conclúa o prazo de presentación de candidaturas. Son membros natos deste Comité:

- Presidente: D. Martiño Noriega Sánchez, alcalde do Concello de Santiago de Compostela, ou concelleiro/a en quen delegue.
- Vicepresidenta: Da. Branca Novoneyra, concelleira delegada de acción cultural do Concello de Santiago de Compostela, ou concelleiro/a en quen delegue.
- Os demais membros do tribunal serán designados pola Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela.

2. Procedemento. Nunha primeira fase o Comité determinará se as candidaturas presentadas reúnen os requisitos esixidos para participar na convocatoria, de conformidade coa documentación achegada no sobre número 1, e publicará a correspondente lista de persoas admitidas e excluídas con expresión neste último caso da causa da exclusión. Nunha segunda fase, o Comité valorará os planos de actuación incluídos no sobre número 2 das candidaturas admitidas. E, finalmente, avaliaranse os méritos e o currículo achegados no sobre número 3.

3. O Comité ponderará os criterios de avaliación dos méritos do plano de actuación, emanará entrevistas persoais cos cinco participantes admitidos que obtivesen máis puntuación. As entrevistas versarán sobre o currículo, méritos alegados e plano de actuación proposto. A duración máxima de cada entrevista será de 40 minutos.

O marco de avaliación dos méritos e do plano de actuación é o seguinte: 1º) os méritos enumerados nas letras a) a e) do apartado 5 anterior, ata 20 puntos; 2º) os méritos enumerados nas letras f) a j), ata 30 puntos; 3º) o plano de actuación, ata 35 puntos; e. 4º) a entrevista, ata 15 puntos.

4. O Comité resolverá as cuestións que xurdan durante o proceso de selección aténdose a lexislación e normativa aplicable, adoptando as súas decisións por maioría simple con voto dirimente do presidente en caso de empate.

5. O Comité elaborará unha proposta de nomeamento dirixida ao Consello Reitor do Auditorio de Galicia e este, a través do seu Presidente, propoñeralle á Xunta de Goberno do Concello o seu nomeamento.

8. AMPLIACIÓN DE INFORMACIÓN

As persoas interesadas poden obter máis información na sede electrónica do Auditorio de Galicia (<http://www.auditoriodegalicia.org/>) ou a través do correo electrónico subdireccion@auditoriodegalicia.org.

9. CONFIDENCIALIDADE

As persoas e institucións públicas que interveñen neste proceso de selección comprometeranse a garantir a absoluta confidencialidade con relación aos datos dos aspirantes e á participación das persoas non admitidas, de xeito que só se publicará o nome da candidatura cuxo nomeamento se propoña.

10. PRINCIPIO DE IGUALDADE E NORMATIVA APLICABLE

Esta convocatoria réxese polos principios de igualdade de trato e de oportunidades. ede non discriminación por razón de sexo recollidos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. No que non estea previsto nestas bases, aplicarase a normativa reguladora do procedemento administrativo común e de acceso ao emprego público.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2016.

A concelleira delegada de acción cultural,

Branca Novoneyra